

A min fixéste mo

*Dirasme, Señor, ven, bendito,
a gozar da Vida eterna:
porque vivía preto de ti
e tiñas palabras cálidas cada mañá,
porque comprabas na tenda e eras próximo e tenro,
porque cando estando esmorecido
coidáchesme e dedicáchesme o teu tempo,
porque cando me sentín triste
intentaches levantarme o ánimo,
porque cando estaba só tiñas un intre para min,
porque cando fixen mal un traballo soubeches desculparme,
porque cando ninguén me entendía
atopei o teu apoio incondicional,
porque cando varría a túa rúa
coa túa mirada me dignificabas,
porque cando che fixen unha obra valorabas
o meu traballo e facíasme sentir importante,
porque cando me fixen maior
tiñas paciencia e non che ías do meu lado,
porque cando me rexeitaron
ti molestácheste en escoitarme.
Por ter sido un agasallo neste mundo,
ven aquí, bendito de meu Pai.*



Evanxeo
22-novembro-2020
Ordinario 34º-A
Cristo Rei



Los Pobres serán nuestro examen final



**Ao final examinarannos
do amor que damos**

Ordinario 34º-Cristo Rei

AO final examinaremos o amor que damos

- **EZEQUIEL 34, 11-12. 15-17:** *A vós, meu rabaño, eu vou xulgar entre ovella e ovella.*
- **SALMO 22: R/.** *O Señor é o meu pastor, nada me falta.*
- **1ª CORINTIOS 15, 20-26. 28:** *Entregará o reino a Deus Pai, e así Deus será todo en todos.*
- **MATEO 25, 31-46:** *Sentará no trono da súa gloria e separará a uns dos outros.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos seus discípulos:

Xesús: -«Cando veña na súa gloria o Fillo do home, e todos os anxos con el, sentarase no trono da súa gloria e serán reunidas ante el todas as nacións. El separará a uns dos outros, como un pastor separa as ovelas das cabras. E poñerá as ovelas á súa dereita e as cabras á súa esquerda. Entón dirá o rei aos da súa dereita:

Rei: -“*Vinde vós, benditos de meu Pai; herdade o reino preparado para vós desde a creación do mundo. Porque tiveren fame e déstesme para comer, tiveren sede e déstesme de beber, fun forasteiro e hospedádesme, estiveren espido e vestídesme, enfermo e visitádesme, no cárcere e viñestes verme*”.

Xesús: -Entón os xustos contestaranlle:

Xustos: -“*Señor, cando te vimos con fame e te alimentamos, ou con sede e démosche de beber?; cando te vimos forasteiro e te hospedamos, ou espido e vestídesme?; cando te vimos doente ou no cárcere e te fomos ver?*”.

Xesús: -E o rei diralles:

Rei: - “*Dígovolo de verdade, que cada vez que o fixestes cun destes, os meus irmáns máis pequenos, comigo fixéstelo*”.

Xesús: -Entón dirá aos da súa esquerda:

Rei: - “*Apartádevos de min, malditos, ide ao lume eterno preparado para o diaño e os seus anxos. Porque tiveren fame e non me destes para comer, tiveren sede e non me destes de beber, fun forasteiro e non me hospedastes, estiveren espido e non me vestistes, enfermo e no cárcere e non me visitastes*”.

Xesús: -Entón tamén estes contestarán:


Inxustos: -“*Señor, cando te vimos con fame ou con sede, ou forasteiro ou espido, ou enfermo ou no cárcere, e non te assistimos?*”.

Xesús: -El replicaralles:

Rei: - “*Dígovolo de verdade: o que non fixestes cun destes, os máis pequenos, tampouco o fixestes comigo*”.

Xesús: -E estes irán ao castigo eterno e os xustos á vida eterna».
Palabra del Señor.

(Narrador-Xesús-Rei-Xustos-Inxustos).



«Al final del camino me dirán:
-¿Has vivido? ¿Has amado?
Y yo, sin decir nada,
abriré el corazón lleno de nombres»
(Pedro Casaldáliga)

1. VER: O palacio do rei

-Hai moitos contos que nos falan de reis e de princesas que viven en enormes e luxosos palacios, rodeados de riquezas, de exércitos que os defenden. Coñecedes algunha película, cómic, novela... que trata dalgún rei... Como vive, que fai...
Coñeces algún rei? Parécese a Xesús?

2. XULGAR: Xesús, un Rei para que reine o amor

-**Na festa de Cristo Rei**, o evanxeo de hoxe, Xesús, cunha parábola, cóntanos que ao final das nosas vidas preguntáranos se amamos ou non. Aos que na súa vida reinou o amor diralles: *“Vinde vós, herdade o reino preparado para vós. Porque tiveren fame e déstesme para comer, fun forasteiro e hospedádesme, estiveren espido e vestídesme, enfermo e visitádesme”*.

QUE NOS QUERE DICIR?

1. **Quere ser o teu Rei:** Aos nenos considerámoslos “os reis da casa”. Con iso queremos dicir que son os máis queridos, os que están no pensamento de todos. *Xesús quere ser o máis querido*, o máis importante na túa casa e na túa vida, alguén a quen queremos, seguimos, guía nosa vida, é “o máis”.
2. **Quere dar cor á túa vida:** No noso mundo a miúdo reinan as cousas grises: afán de poder, de ter e acaparar, impoñerse a outros... Xesús veu a poñer cor, a darlle cor á vida. Quere que reine o servizo, o compartir, a paz, a proximidade, o amor. Quere que reine en ti? Hai cor na túa vida?
3. **Quere que o vexas nos pobres, nos que che necesitan:** Xesús viviu para os demais. Fíxase no que o está pasando mal, atópase só, no enfermo ou triste, no discriminado... Hoxe recórdanos: *“cada vez que o fixestes cun destes, os meus irmáns máis pequenos, comigo fixéstelo*”. Cantos “invisibles” ao teu lado! Abre os ollos! Míraos, mira a Xesús. Agradece a Xesús que sexa o “pastor” que te cuida (Ezequiel) e prenda o oficio de pastor, de cuidador.
4. **Quere poñerche nota ao final da túa vida e nos parciais:** Preguntaranos “amaches?”. E ti que lle estás respondendo no día a día? Os pobres, os que nos necesitan son a nosa nota final. Que che fai pensar e actuar todo isto?

Que che fai pensar e actuar todo isto?

3. ACTUAR: Deixa que reine o amor na túa vida.

-**Orade co salmo 22 ou escoítadeo:** “*O Señor é o meu pastor nada me falta*”. Pedide a Xesús que sexa o voso rei, o voso pastor.

<https://www.youtube.com/watch?v=nP5N-wey6V8>

-**Descobre** que persoas ao teu lado non teñen o necesario para xogar, comer, vestir, acubillarse... E pensa que podes facer.

-**Trata de coñecer o labor de Cáritas** nas parroquias especialmente nesta época tan dura para moitos sen traballo. En que podedes colaborar para Nadal?

-**Poderíase facer un xogo:** tras pechar os ollos, que se fixen uns segundo en todas as cousas vermellas que hai na clase e logo dinas. O mesmo coas azuis. Explicámoslles que ao fixarnos nunha cor pásanos desapercibido todo o demais: isto é o que fan os reis e poderosos, fíxanse nunhas cousas esquecendo aos débiles, aos pequenos... Xesús pídenos hoxe que poñamos atención no invisible.... **Que vas facer? E en familia? E no grupo?**